

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

PARA ESTUDOS DE GRAO E MÁSTER UNIVERSITARIO

FACULDADE DE HUMANIDADES

Versión	Data de aprobación	Órgano(s)
Primeira versión	23/10/2020	Comisión de Calidade do Centro
	29/10/2020	Xunta de Facultade

Contido

1. Introducción	3
2.- Obxectivos.....	3
3.- Estrutura	3
4.- Recursos Humanos.....	5
5.- Cronograma	6
6.- Revisión e actualización do Plan de Acción Tutorial.....	6

1.-INTRODUCCIÓN

O Plan de Acción Titorial (PAT) da Facultade de Humanidades recolle un conxunto de actuacións destinadas a favorecer a integración das alumnas e dos alumnos das titulacións de grao e máster impartidas no centro, destinadas a proporcionarlle ao estudiantado asesoramento e orientación atendendo as necesidades formativas e informativas nas distintas etapas da súa estadía na Universidade.

A titorización e orientación recóllense no *PC-03 Apoio a estudantes* do Manual de Procesos da Facultade de Humanidades e constitúen, ademais, un dos máis firmes compromisos do centro coa formación do alumnado.

2.- OBXECTIVOS

Pretendese conseguir os seguintes obxectivos:

- Establecer un sistema de información e orientación educativa.
- Motivar a participación do alumnado nas distintas etapas da súa estadía na Universidade.
- Proporcionar información sobre as saídas profesionais relacionadas coas titulacións do centro.
- Orientar ao alumnado no deseño do seu proxecto profesional e a súa incorporación ao mercado laboral.

3.- ESTRUCTURA

Atendendo a labor de orientación e asesoramento ao alumnado tanto na vida académica como no seu futuro profesional, organizamos este PAT tendo en conta cinco aspectos fundamentais:

- A orientación inicial ao alumnado de primeiro curso de grao, tanto da modalidade presencial como semipresencial.
- A orientación ao alumnado de mobilidade entrante.
- A orientación inicial ao alumnado de mestrado.
- A orientación continua ao alumnado do grao e mestrado.
- A orientación profesional ao alumnado do grao e mestrado.

A orientación inicial ao alumnado de primeiro curso de grao.

- Celebración da xornada de benvida ao estudantado de novo ingreso.
- Oferta de cursos de formación en competencias transversais e informacionais.
- Oferta de curso de formación no emprego de recursos bibliográficos.
- Celebración das Xornadas de Xestión e Mediación Cultural.
- Oferta dunha actividade de configuración do currículo formativo.
- Acompañamento dos alumnos mediante o programa de alumnos titores.

A orientación ao alumnado de mobilidade entrante.

- Celebración da xornada de benvida ao alumnado de mobilidade entrante.
- Atención titorial do Responsable Académico de Mobilidade da Facultade.

A orientación inicial ao alumnado de mestrado.

- Sesións informativas de acollida para o alumnado do mestrado.

A orientación continua ao alumnado do grao e mestrado.

- Apoio titorial extraordinario.

- Apoio a través do Servizo de Participación e Integración Universitaria.
- Celebración das Xornadas de Xestión e Mediación Cultural.
- Sesións informativas e publicitación na web da Facultade dos programas de mobilidade de estudantes.
- Sesión informativa e de orientación sobre a elaboración do TFG.
- Sesión informativa sobre a oferta de mestrado da Facultade dirixida ao alumnado de 4º curso.
- Titorización académica individualizada para o alumnado de mestrado.
- Sesión informativa e de orientación sobre a elaboración do TFG/TFM.

A orientación profesional ao alumnado do grao e mestrado.

- Xornada informativa sobre as ofertas de prácticas en institucións e empresas.
- Xornada de orientación laboral a cargo da Área de Orientación Laboral e Emprego.
- Celebración das Xornadas de Xestión e Mediación Cultural.
- Publicitación das ofertas de emprego e bolsas na páxina web da Facultade e nos perfís sociais do grao e mestrado.
- Publicitación da páxina web da Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural e resto de asociacións profesionais estatais e estranxeiras na páxina web da Facultade e nos perfís sociais do grao e mestrado.

4.- RECURSOS HUMANOS

Os integrantes e participantes do PAT serán os seguintes:

- O equipo decanal.
- O/A coordinador/a de grao e máster.
- Os/As coordinadores/as de cada curso.
- O/A titor/a de prácticas externas.

- Os/As alumnos/as tutores.
- O coordinador técnico da modalidade semipresencial do Grao e Máster.
- O Comité Consultivo Externo da Facultade de Humanidades.
- O Persoal de Administración e Servizos.

Este PAT complementábase asimesmo con outros servizos e recursos xerais de orientación e atención ao estudantado que ofrece a propia Universidade de Santiago como son a Oficina de Orientación Universitaria ([OIU](#)), as Unidades de Xestión Académica ([UXA](#)), o Servizo de Relacións Exteriores ([SER](#)), a Área de Orientación Laboral e Emprego e o Servizo de Participación e Integración Universitaria ([SEPIU](#)).

5.- CRONOGRAMA

5.1. Orientación a estudantes de novo ingreso

As xornadas de acollida e orientación aos estudantes celebraranse no mes de setembro, ao comezo do curso académico.

Acompañamento a través do [Programa de Alumnos Tutores da USC](#). Este programa ten como obxectivo formar ao alumnado seleccionado para que poida dar acollida aos estudantes de novo ingreso.

5.2. Orientación ao longo dos estudos

- Sesión informativa sobre o TFG / TFM, celebrarase no mes de outubro.
- Sesión informativa sobre Prácticas Externas de Grao e Máster.
Celebrarase nos meses de outubro ou novembro.
- Sesión informativa sobre Programas de Mobilidade (calendario pendente de confirmar)
- Programa de [Apoio Titorial Extraordinario da USC](#) para axudar aos estudantes a superar aquelas materias que lles presentan especiais dificultades

5.3. Orientación ao finalizar os estudos

- Charlas informativas sobre procura de emprego e emprendemento

- Sesión informativa sobre oferta de formación de posgrao

6.- REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

A actualización do PAT esixe unha revisión das distintas tarefas de titorización que se realizan por parte dos seus integrantes e participantes. Para levar a cabo dita revisión, empregaranse cinco ferramentas fundamentais:

- Enquisas de satisfacción elaboradas pola propia Universidade.
- Enquisas de satisfacción implementadas polo/a coordinador/a do título de grao e do título de mestrado.
- Reunión do Comité Consultivo Externo da Facultade.
- Actas da Comisión Académica e de Título e da Comisión de Mestrado.
- Actas da Comisión de Calidade da Facultade.

O/a coordinador/a do título de Grao e do título de Mestrado elaborarán os preceptivos informes en base a toda a información recadada. Estes informes serán presentados anualmente á Comisión de Calidade da Facultade que analizará a eficacia das accións propostas, así como as problemáticas que puideran producirse no momento da súa implantación. En función desta análise, dita Comisión poderá propoñer a continuidade, supresión ou cambio dunhas accións por outras. As accións resultantes serán aprobadas pola Comisión de Calidade e recollidas en acta á que deberán axuntarse ditos informes. Finalmente estas accións serán incluídas cada ano na Memoria de Calidade da Facultade no apartado respectivo.